



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de
Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Servizo de Inspección Educativa

Avda. Fernández Ladreda 43 - 7º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805928-30 Fax: 986 805699
inspeccion.pontevedra@edu.xunta.es

Xefatura Territorial de Inspección Educativa

galicia

SAÍDA INSPECCIÓN

13 NOV 2012

Sr/a Director/a

Nº 5275

Diante das dúbidas planteadas á Inspección Educativa sobre a cuestión da posible participación do alumnado nas folgas, achégolle algunhas observacións orientativas sobre o particular.

1.- A *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación* (BOE do 4-5-2006) na súa Disposición derradeira primeira, *Modificación da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación* (LODE), engade o seguinte parágrafo ao artigo 8 da LODE: "co fin de estimular o exercicio efectivo da participación dos alumnos nos centros educativos e facilitar o seu dereito de reunión, os centros educativos establecerán, ao elaborar as súas normas de organización e funcionamento, as condicións nas que os seus alumnos poden exercer este dereito. Nos termos que establezan as administracións educativas, as decisións colectivas que adopten os alumnos, a partir do terceiro curso da educación secundaria obrigatoria, con respecto á asistencia a clase non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción, cando estas fosen resultado do exercicio de dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro".

2.- O artigo 43.2.f) do *Real Decreto 732/1995 de 5 de maio polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros* (BOE do 2-6-1995), prescribe: "o consello escolar determinará se a inasistencia a clase dos alumnos por razóns xerais e comunicadas previamente pola xunta de delegados non deba ser obxecto de corrección, debendo adoptar as medidas necesarias para que esta situación non repercuta no rendemento académico dos alumnos".

3.- Polo tanto, legal e tecnicamente o alumnado non ten dereito á folga, reservado aos traballadores, senón unicamente dereito de reunión. O alumnado, a partir do terceiro curso da ESO, poderá adoptar decisións colectivas de inasistencia a clase. A decisión desa inasistencia é dos alumnos e alumnas, e non dos seus pais ou titores legais. As normas de organización e funcionamento do centro deben establecer as condicións concretas nas que o alumnado pode exercer este dereito e, en todo caso, a decisión colectiva de inasistencia a clase ten que ser comunicada previamente. O alumnado poderá quedar baixo a garda e custodia dos seus pais ou titores legais ou acudir ao centro educativo pero tendo en conta



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de,
Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Servizo de Inspección Educativa

Avda. Fernández Ladreda 43 - 7º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805928-30 Fax: 986 805699
inspeccion.pontevedra@edu.xunta.es

galicia

Xefatura Territorial de Inspección Educativa

que, de presentarse no centro, non poderá abandonar o recinto escolar. Ao tempo, o alumnado non poderá ser obrigado a entrar nas aulas.

4.- En relación ao asunto de documentar a ausencia ao centro, debe quedar rexistrada a comunicación previa á que fai referencia o artigo 8 da LODE. O centro está na obriga de comunicar tódalas ausencias do alumnado menor de idade aos pais ou tutores legais, con independencia da causa que motiva a ausencia.

O que lle comunico para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

En Pontevedra a 13 de novembro de 2012.

O Xefe do Servizo Territorial de Inspección Educativa



Asdo.: Manuel Torres Vizcaya